



A CORUÑA ACOLLERÁ, DO 13 AO 15 DE XUÑO, O ENCONTRO GALEUSCA DA EDICIÓN, ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORAS

- O Galeusca de Editoras acada a súa edición número 16 nun encontro que se vai desenvolver na Fundación Luís Seoane da Coruña entre o mércores 13 e o venres, 15 de xuño.
- Contará con cinco sesións de traballo e cun panel de experiencias, ademais de complementarse o programa coa exposición “A igualdade de xénero no sector editorial galego” e co espectáculo de poesía escénica de Iria Pinheiro, *Uralita*.
- Trátase dun encontro profesional onde se conversará, debaterá e reflexionará sobre a situación editorial, a internacionalización do sector, os plans de lectura e a igualdade de xénero nos territorios Galeusca.

Santiago de Compostela, venres 8 de xuño de 2018.- O encontro Galeusca de editoras regresa a Galicia, logo de 7 anos, organizado pola **Asociación Galega de Editoras** en colaboración coa **Asociación de Editores en Lingua Vasca** (Euskal Editoreen Elkarte), a **Associació d'Editors en Llengua Catalana** e a **Associació d'Editors del País Valencià**. O Galeusca, cuxa primeira edición tivera lugar en novembro de 1986 en Santiago de Compostela, celebra nesta ocasión a súa edición número 16.

As xornadas de traballo desenvolveranse na **Fundación Luís Seoane da Coruña**, entre os días **13 e 15 de xuño**. Este encontro reúne a diferentes expertos e promotores do mundo da edición nos territorios Galeusca coa finalidade de colaborar entre os gremios, compartir experiencias, estratexias e darlle visibilidade á edición nas linguas propias.

SESIÓNS DE TRABALLO E ACTOS SOBRE A IGUALDADE DE XÉNERO

Cinco sesións de traballo e un panel de experiencias editoriais en promoción da lectura vertebran un programa que se inicia o **mércores 13 de xuño**, coa **recepción de convidados no Concello da Coruña**, ás 19:00h e co espectáculo de poesía escénica de **Iria Pinheiro**, *Uralita*, no Auditorio Fundación Luís Seoane, ás 21:00 horas.

O **xoves 14 de xuño**, **Manel Romero** (Associació d'Editors del País Valencià), **Joxemari Sors** (Elkar), **Hakan Casares** (Consello da Cultura Galega) e **Pep Lafarga** (Associació d'Editors en Llengua Catalana) abrirán a primeira sesión de traballo “**Panorama da edición nas linguas dos territorios Galeusca**” (10:30h.). Seguiranlle, **Pello Elizaburu** (Pamiela) e **Xosé Ballesteros** (Kalandraka Editora) con Coedicións e accións colaborativas, na segunda sesión de traballo “**Propostas e políticas proactivas da situación editorial**” (12:30 horas).



Ás 13:30 h. “**Experiencias editoriais en promoción da lectura**” con **Francisco Castro** (Editorial Galaxia): “Os retos lectores”.

As sesións continúan na tarde do xoves 14, ás 16:30 horas, con **Joan Sala** (Comanegra), **Javier Pascual Echalecu** (Subdirección Xeral do Libro, a Lectura e as Letras Españolas), e **Dolors Pedrós** (Edicions 96) en “**Plans de lectura. Accións concretas e experiencias por cada área lingüística**”.

Ás 18:30h., a sesión de traballo “**Internacionalización do sector editorial nos territorios Galeusca**” reunirá a **Mikel Soto** (Txalaparta), **Manel Romero** (Associació d'Editors del País Valencià), **Silvia Bello** (Asociación Galega de Editoras), e a **Montse Ayats** (Eumo).

Finalmente, o venres 15 de xuño, rematan as xornadas coa quinta sesión de traballo “**A igualdade no sector editorial, un proceso en construción**”, con **Belén López** (Baía Edicións), **Idoia González** (Erein), **África Ramírez** (Balandra Edicións), **Reina Duarte** (Grupo Edebé), ás 09:30 horas e coa **Elaboración e a aprobación das Conclusións** ás 11:30h.

O programa complementábase coa exposición “**A igualdade de xénero no sector editorial galego**”, no patio da Fundación Luís Seoane.

O encontro Galeusca conta coa colaboración da Xunta de Galicia, o Concello da Coruña (a través das concellarías de Cultura e de Igualdade e Diversidade) e a Fundación Luís Seoane.

**Nota: A hora de recepción de convidados no Pazo do Concello (na Praza María Pita) prevista no programa para as 20:00h., adiántase ás 19:00h.

MÁIS INFORMACIÓN

ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORAS

s.tecnica@editorasgalegas.gal

TEL. 881 81 72 64 – 609 83 15 11